

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de xuño de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/06/2023
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/06/2023.
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024
- V. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024
- VI. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2023-2024

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 2 de xuño de 2023.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen explica o calendario (Anexo IV) que foi achegado con antelación aos membros da Xunta de Escola. Indica que se basea no que xa foi aprobado pola Universidade e que é similar ao do curso anterior, aínda que está pendente do calendario do Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga que ao ser interuniversitario

aínda non está pechado. Sinala as datas de comezo do curso, e comenta brevemente as principais datas da proposta de calendario escolar para as titulacións de grao. Engade unha variación respecto ao curso anterior relativa ao período de exames de 4º curso e a inclusión no calendario do viaxe de fin de curso.

A continuación comenta o calendario do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas sinalando as principais datas propostas. Inclúe tamén o viaxe de estudos (que se vai facer cada 2 anos e o estudantado pode elixir se vai no seu primeiro curso ou no segundo), o que acurta unha semana o segundo cuadrimestre.

A Xunta de Escola aproba a proposta de calendarios por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

4. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2023-2024.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta, que está incluída no calendario escolar das titulacións do centro (Anexo IV), e indica as datas límite dos diferentes trámites administrativos e procedementos de TFG, e aclara os códigos de cores.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2023-2024.

A Directora sinala que o calendario de Traballo Fin de Máster foi aprobado na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e xa está incluído no calendario escolar das titulacións do centro (Anexo IV).

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

6. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen presenta a proposta de horarios (Anexo V).

Sinala as pequenas modificacións do horario do primeiro curso, que é moito máis compacto e está consensuado co alumnado e o profesorado. Indica que no segundo curso hai moitos cambios no segundo cuadrimestre debido á desaparición dunha materia en inglés e unha permuta entre dúas materias, pero que todos os cambios están consensuados. En terceiro case non houbo cambios. Coa entrada do 4º curso dos novos plans, con novas materias, con materias compartidas entre 3º e 4º de cada grao, novas optativas foi necesario deseñar uns horarios novos para este curso.

Por último sinala que o horario de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas é o mesmo do curso anterior.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

A Directora agradece o traballo de María Araújo na elaboración dos horarios.

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación Organización Académica, quen indica que a proposta inicial foi elaborada pola Delegación de Alumnado pero que tivo que incluír algúns axustes na proposta final (Anexo VI). Aclara os criterios seguidos na elaboración e sinala as dificultades na segunda oportunidade pola cantidade de materias e as datas dispoñibles. Hai pequenos cambios de última hora por erratas detectadas e propostas achegadas de delegación de alumnado que xa foron consensuadas. Tamén sinala que algún exame comezará ás 12 horas.

Lembra que na convocatoria fin de carreira a táboa está valeira porque a planificación se fará en canto se dispoña dos datos de matrícula, co compromiso de publicala e difundila.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

A Directora agradece a María Araújo e á Delegación de Alumnado o traballo realizado.

8. Aprobación se procede, dos factores de ponderación de materias ponderables nas ABAU para xuño de 2024 e anos sucesivos, en relación ao acceso aos graos impartidos na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que houbo unha modificación na estrutura curricular dos estudos de Bacharelato e iso afecta ás decisións do centro relativos ás ponderacións das materias para o acceso ás titulacións de grao. Amosa a seguinte táboa e a explica.

GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE															
	Artes Escénicas	Biología	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa (Empresas e modelos de negocio)	Física	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Matemática II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Química	Xeografía	Xeoloxía (Xeoloxía e Ciencias Ambientais)	Ciencias Xerais	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño	Tecnoloxía e Enxeñaría
Inxeñaría da Enerxía 23-24	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2			
Inxeñaría da Enerxía 24-25	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2
Inxeñaría da Enerxía 25-26	0	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0,1	0,1	0	0	0,2
Inxeñaría dos Recursos MINEIROS e ENERXÉTICOS 23-24	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2
Inxeñaría dos Recursos MINEIROS e ENERXÉTICOS 24-25	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2
Inxeñaría dos Recursos MINEIROS e ENERXÉTICOS 25-26	0	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2

Algúns das materias vanse impartir no bacharelato dende o curso 2023/24 e outras dende o 2024/25. As ponderacións teñen que coñecerse con dous anos de antelación polo que os cambios que se aproben serían aplicables na ABAU do ano 2025.

Comenta a proposta da CIUG para o curso 2025/26 e sinala as dúbidas que ten sobre a devandita proposta. Sinala que nunha próxima conferencia de directores de centros vaise debater este tema polo que propón aprobar a táboa de ponderacións, delegando no equipo directivo a decisión final en función das conclusións do devandito debate no seo da CODEIME.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

10. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 4 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xuño de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/06/2023

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o venres 23 de xuño 2023, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 2 de xuño de 2023.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024.
- 4) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2023-2024.
- 5) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2023-2024.
- 6) Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024.
- 7) Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024.
- 8) Aprobación se procede, dos factores de ponderación de materias ponderables nas ABAU para xuño de 2024 e anos sucesivos, en relación ao acceso aos graos impartidos na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 9) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 10) Rogos e preguntas.

Vigo, 16 de xuño de 2023
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-0b30-e747-c7cd-5d24-2322-05bf-9247-4a17

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 16/06/2023 14:57 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/06/2023

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA 23/06/2023

Profesorado

1. Leandro Rafael Alejano Monge
2. Elena Mercedes Alonso Prieto
3. María Araújo Fernández
4. Marta M^a Cabeza Simó
5. Marcos Conde Fontenla
6. José Bienvenido Díez Ferrer
7. Ángeles Domínguez Santiago
8. Pablo Eguía Oller
9. Fernando María García Bastante
10. Guillermo García Lomba
11. Eduardo Giráldez Pérez
12. Eduardo Liz Marzán
13. Raquel Pérez Orozco
14. María Carmen Pérez Pérez
15. M^a Teresa Rivas Brea
16. Ana María Rodríguez Rodríguez
17. M^a Ángeles Saavedra González
18. José Benito Vázquez Dorrió
19. Javier Vijande López

Alumnado

20. Carmen Alonso Pérez
21. Santiago Domínguez Blanco
22. Mateo Salgado Díaz

Persoal de Administración e Servizos

23. M^a Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia

- Pedro Arias Sánchez
- David Patiño Vilas
- Juan Jesús Rico Fuentes
- Javier Taboada Castro
- Belén Parente Artime

ANEXO III

[Informe da Directora](#)

ANEXO IV

Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de
Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico
2023-2024

ANEXO V

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía para o curso académico 2023-2024

ANEXO VI

Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2023-2024